

Un nome para
rescatar do olvido:

Mercedes

 PURI CABIDO PÉREZ

Ainda que son numerosos os estudos feitos sobre a prensa galega do exterior, o silencio entorno á emigración da muller, e ao rol das emigrantes e fillas de emigrantes na prensa é elocuente. Este silencio, sempre incomprendible, é particularmente sorprendente no que se refire a esta xornalista. Nen unha liña na Gran Enciclopedia Gallega. Unha breve referencia no facsímil de *La Tierra Gallega*. Máis nada.

Vieito Bouza

PÁGINA LITERARIA



El Silencio de las Masas

(Por Mercedes VIEITO DE LOPEZ.)

Filla de emigrantes de As Somozas, Ferrol, Mercedes Vieito nace na Habana, case por acaso, no ano 1887. Os seus pais formaban parte daquela riada de emigrantes que entorno ao 1870 chegou de forma masiva a América e acadou tintes de traxéida tanto para quen ficaba na terra coma para quen partía. Xornalista precoz (os seus primeiros artigos datan de 1902, tiña entón 15 anos) colaborou de forma case ininterrumpida, durante máis de 30 anos, con varias publicacións da Habana, entre elas *Galicia*, *Heraldo Gallego*, *Cultura Gallega e Eco de Galicia*, sendo Directora desta última publicación na súa derradeira etapa. Os seus artigos de adolescente son de carácter poético e intimista, reflectindo con emotividade e idealización as paisaxes e costumes galegos, e neles sorprende a exactitude coa que describe unha terra que só coñece através das verbas da súa nai, mais que sente como propia. En 1924, aos 37 anos, embarca por primeira vez rumbo a Galiza: o que atopa non defraudaría as súas expectativas. Volve un ano despois, e é apartir de entón que o seu compromiso político e social se radicaliza.

A colonia galega en Cuba vive a finais do XIX e principios deste século unha época de efervescencia e creatividade: en 1871 nace a Sociedade de Beneficiencia dos Naturais de Galicia, e no 1880 fundase oficialmente o Centro Galego da

Habana; chega a haber 72 publicacións galegas, en xeral de carácter progresista, vinculadas case sempre á terra. Neste contexto, Mercedes Vieito converte-se nunha escritora radical á hora de analizar os problemas da Galiza e da colonia galega. Polos seus artigos observamos que debeu manter sempre un estreito contacto con xornalistas e intelectuais galegos/as, adoptando e apoiando todas as ideas novas que permitisen saír a Galiza do seu atraso económico-social. A través de Mercedes Vieito, a comunidade galega da Habana pode seguir a evolución do pensamento político nacionalista, desde o federalismo, rexionalismo e agrarismo, até o nacionalismo emerxente coa fundación na Galiza das Irmandades da Fala (1916).

É talvez o agrarismo o movemento que máis paixóns esperta na colonia: a meirande parte das/os emigrantes era de orixe labrega. Cando as revoltas, Mercedes apoia solidariamente a rebelión agraria, sen dubidar no dereito do uso da forza á hora de loitar pola xustiza:


La agitación agraria en Galicia aumenta, y aumenta porque así es necesario que suceda [...]. Galicia calumniada, ultrajada, menospreciada [...] tiene hambre y sed de justicia. Así pues, es necesario de todo punto esa agitación agraria, es preciso ese despertar del pueblo reclamando sus derechos, defendiendo su pan para librarse de las terribles perspectivas del hambre; es indispensable que se haga cuanto antes la emancipa-

ción de los esclavos, aún cuando para ello, aún cuando para hacer triunfar la fuerza del derecho, haya que hacer uso del derecho de la fuerza (*En los campos gallegos, Galicia*, 15 outubro 1910).

Anos despois, crian-se na Coruña as Irmandades da Fala. Do seu nacemento dá conta inmediatamente a escritora, apoiando o seu labor a prol da cultura e os seus ideais políticos, destacando sobre todo a loita polo idioma. A lingua como a expresión máis xenuina do carácter dun pobo, da súa personalidade, é o primeiro paso para a recuperación da identidade nacional:

Es indispensable comenzar por el idioma, y al igual que los catalanes hablan catalán entre sí, hablar también en gallego los hijos de Galicia donde quiera que se encuentren, lo mismo en las veredas campesinas que en las rúas bulliciosas, en territorio patrio o en las lejanas tierras [...] porque así, y sólo así se logrará verdadera personalidad (*Vereda recta. Eco de Galicia*, 20 outubro 1918).

E a escola debe ser o vehículo transmisor da lingua e da cultura, espertando na mocidade a conciencia de pertencer a Galiza, dando a coñecer unha historia aínda hoxe silenciada, e axitando as consciencias para liberá-la mediante «protestas dignas y justificadas que puedan en su día conmover la ciudad y el agro en un movimiento natural y justiciero»; nun país no que todos os postos de poder están en mans alleas, cun ensino castelanizante, a escola xoga un papel esencial na reafirmación do propio:



EMPRESA DE PUBLICIDAD GALICIANA

Fundador: MANUEL F. DOALLO

REDACCION Y ADMINISTRACION

CRISTO NUM. 18 (altos)

TELEFONO A-3108

ECO DE GALICIA

REVISTA ILUSTRADA Y DE INFORMACION REGIONAL

Director: Mercedes Vieito de López.—Administrador: Manuel F. Doallo

Nosotros queremos que en Galicia la escuela sea gallega; pero que sea gallego el maestro también.

Mercedes Vieito apenas emprega a nosa lingua nos seus artigos senón é para citar literalmente a algún autor/a do país, feito que se contradice dalgún xeito cunha defensa apaixonada e entusiasta, radical, da lingua e cultura galegas, reivindicando o uso universal do idioma, normalizado no ensino e nas institucións. Eventos como a fundación da Academia Galega, ou a creación dunha Cátedra de Literatura Galego-Portuguesa non deixan de ser reseñados e aplaudidos pola autora. Acostumaba rematar frecuentemente os seus artigos con algúns versos en galego de escritores/as: Rosalía de Castro, Curros etc.

O seu compromiso coas clases máis desfavorecidas leva a a denunciar as inxusticias que atinxen ao seu pobo, incidindo con lucidez nas causas: os caciques, a emigración, a ignorancia, o centralismo, a monarquía. Galiza precisa de partidos políticos que a defendan nas cortes do Estado, que representen os seus intereses sen submisións aos intereses do goberno central. De asombrosa actualidade é a crítica ao silencio dos deputados galegos nas cortes nos temas que atinxen ao país:

«y los diputados? por lo que toca a los que ostentan la representación de Galicia, no son, no pueden en manera alguna ser intérpretes

de los deseos ni de las aspiraciones del pueblo gallego, pues que no son diputados por éste, sino por el cacique [...] Jamás resuena la voz de ningún diputado por Galicia para defender a ésta de injusticias y atropellos» (11 de agosto 1918, *Eco de Galicia.*, N° 57, ano II).

O atraso nas vías de comunicación, a necesidade urxente do ferrocarril negado unha e mil veces polo poder central, a inxusticia da lei de xurisdicións implantada en España que atenta contra os rexionalismos, o traslado da escola Naval de Ferrol a Cádiz, «por capricho arbitrario del poder central», ou a creación dunha Cátedra de Galego en Madrid, e non en Compostela, son outros tantos opróbios contra o pobo que ela denuncia infatigablemente, moitos deles aínda hoxe sen resolver.

Outro tema importante é o da emigración, que a ela, filla de emigrantes, lle atinxe de forma directa. O éxodo aumenta, e ela dóe-se tanto da atitude do emigrante que foxe, sen enfrontar-se ao caciquismo, sen loitar polos seus dereitos, coma do goberno central, causa última desa emigración ante a que permanece impasíbel e que potencia por razóns de índole económica, xa que deixa pingües beneficios aos «traficantes» de emigrantes.

Caravana de dor, sangría, espectáculo sangrante, tristeza de éxodo, traxédia, eis as verbas que lle inspira a diáspora galega, que deixa desertos campos e aldeas, ausencias definitivas en pos de soños

delirantes de riqueza e progreso. E a parte máis dolorosa da emigración sofren-a as mulleres. Este tema será unha das constantes dos seus artigos: dunha banda, as viúvas de vivos que en Galiza se atopan nunha situación legal verdadeiramente difícil. Non poucas veces descoñecen o paradeiro do home emigrado, ou se este está vivo ou morto, e non poden volver casar: acusadas de adúlteras, podían chegar mesmo a seren encarceradas. Sen embargo, o marido ausente non comete adultério se casa con outra muller. Ela non pode administrar os bens do home, nen os dos fillos menores, nen os propios aportados ao matrimonio. Fica, polo tanto en situación de total indefensión; doutra banda, están as emigradas, cuxa vida non é máis doada. E sabido que en xeral a emigración feminina foi inferior á masculina, en Cuba e no resto dos países da diáspora. Eran mulleres en xeral de moi baixo nivel cultural, cun elevadísimo índice de analfabetismo. Reclamadas ás veces por un familiar home (fose marido, pai, irmán, ou tío), outras soas, estas mulleres viñan a Cuba a ocuparen os postos de traballo peor remunerados (cando eran remunerados!): criadas, lavadeiras, amas de cria, etc. Ao drama de calquera emigrante suman-se no seu caso as dificultades engadidas por seren mulleres na sociedade patriarcal de principios de século na que non tiñan dereito nengún. Non esquen-

zamos que, se ben en 1870 nace a Sociedade de Beneficencia co propósito altruista de axudar ao emigrante, esta Sociedade exclue do seu «altuismo» ás mulleres: cincoenta anos despois, en 1920, as galegas aínda non tiñan dereito á sanidade, e tiñan prohibida a súa entrada no *Ilustre Centro Gallego*. É frecuente escoitar a voz de Mercedes Vieito e outros intelectuais reclamando medidas urxentes de protección ás emigrantes, repetindo unha e outra vez a necesidade dunha casa de saúde para as mulleres; excluídas do Centro como sócias e polo tanto sen posibilidade de beneficiarse dos dereitos dos que o home, e só el, é beneficiario. A prensa denuncia constantemente esta situación. Á marxe do Centro Galego, sen hospitais, sen recursos e sen axudas de nengunha clase, abandonadas á súa sorte nunha terra allea, as mulleres estaban abocadas en moitos casos á prostitución ou á mendicidade. Xornalistas como José Pacín, Constantino Piquer ou Mercedes Vieito reclaman con vehemencia xustiza para mudar esta situación, insistindo na urxente necesidade de tomar medidas de protección á muller emigrante; a cuestión torna-se unha cuestión política, e que afecta non só ás clases desfavorecidas senón tamén aos burgueses.

As críticas ao Centro Gallego por non incluír á muller como só-

cia son constantes. Na época de eleccións presidenciais ao Centro, no editorial do 17 de outubro de 1920, aborda-se o tema novamente desde un punto de vista político: o partido que asuma as reivindicacións feministas como propias gañaría cunha clara vantaxe.

Nos xornais nos que Mercedes Vieito escribe máis asiduamente atopamos numerosos artigos que defenden a causa feminista como xusta e lexítima. Cómpre destacar que o número de artigos adicados ao tema aumenta de xeito considerábel durante os anos que a nosa escritora dirixe *Eco de Galicia*. Así, o *Eco de Galicia* de Abril de 1923 dá conta do 1º Congreso Nacional de Mujeres de Cuba, e noutro número do mesmo ano (Decembro de 1923), publícase un artigo acerca da «Federación Nacional de Asociacións Feministas de Cuba»:


La causa feminista, causa de libertad y reivindicación de los derechos de una clase, es por eso mismo, causa universal [...]. En Cuba el feminismo ha dado un paso de adelanto decisivo al constituirse esta federación nacional.


M Bremón Sánchez (*Feminismo, Eco de Galicia*, marzo de 1926) defende a loita das sufraxistas e o incipiente feminismo da época; suliña que durante as guerras, como e o caso da actual guerra europea, a muller pasa a ocupar todos os postos de traballo que o home deixa

vacantes. O resto das revistas, fanse eco da polémica existente naquel momento entorno á problemática da muller, tomando unha posición claramente favorable ao feminismo.

Apesares do seu importante labor a favor do ensino, tamén as Sociedades de Instrucción, asociacións solidarias de emigrantes que recaudan fondos para construír escolas en Galicia, son criticadas nos casos nos que estas escolas non admiten á muller; Mercedes Vieito considera a educación indispensable para a rexeneración de Galicia: son elas quen, emigrado o home, levan o peso do fogar e da economía, da agricultura, gandería ou do taller; «de ellas depende, en la mayor parte, el triunfo del ideal que en el mañana puede rodear de esplendores a Galicia redimida».


Solidaria, comprometida, vangardista: un océano non era distancia para esta habanera de corazón galego, incomprendiblemente descoñecida aquí.

Mercedes Vieito morre o 4 de xaneiro de 1960, aos 72 anos de idade. Os seus restos repousan no imenso cimiterio Colón, na Habana, no pantéon da Sociedade Galega Aurora das Somozas, nunha tumba anónima, ao carón de moitas outras. A súa obra e a súa historia están aínda por rescatar do olvido. 




Asesoría Turística
AQUANOVA

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol



librería
abraxas

R. Montero Rios, 50
Tel: 58 03 77 - 58 05 87 Santiago